

Autor: **JORGE ARAÚJO**

Ilustrador: **PEDRO SOUSA PEREIRA**

Tradución: **RAMÓN NICOLÁS**

Encadernado en cartón.

76 páxinas. Ilustracións a cor. 16x24 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Comandante Hussi". ISBN 978-84-8464-624-2


-Castelán: "Comandante Hussi". ISBN 978-84-96388-59-8

Prezo: 14 €

COMANDANTE HUSSI

PREMIO GULBENKIAN DE LITERATURA 2004

...Hussi cruzouse con procesións silandeiras de refuxiados a quen a guerra fixo perder o destino. E o tino. Conviviu con pantasmas angustiadas, rostros desamparados, o desasosego da esperanza, a tranquilidade do medo. E viu caer moita xente, devorada pola fame e pola desesperación.



O conflito de Guinea irrompeu na vida de Hussi e converteuno nun neno soldado. Vivía coa súa familia en Porto dos Batuquinhos nunha casa pobre pero digna, con paredes de cartón, tellados de colmo, alfombra de terra batida... E coñecía a felicidade, que "tamén se fai de cousas pequenas". Pero nunha guerra "as balas nunca preguntan primeiro pola idade" e Hussi cambiou de súpeto o balón e a súa prezada bicicleta -un fermoso elemento máxico introducido no relato- polo campo de batalla: mensaxeiro, axudante de cociña, transportista de armas e municións ata a fronte...

Jorge Araújo escribe e Pedro Sousa pinta de acuarela este relato poético e descriptivo, inzado de metáforas, que rezuma humor e intelixencia. Sitúa ao lector na pel do protagonista e descúbrelle aspectos que denotan a súa alma infantil, porque Hussi "na vida, como no fútbol, xogaba coa cabeza no ar, co corazón no ceo".

Esta obra plantexa tamén unha reflexión necesaria sobre a inxustiza e a tiranía do poder, sobre a miseria dos desfavorecidos, a destrución e a traxedia da morte. Porque as feridas da guerra deixan unha pegada imborrable: "un país moribundo, rúas desertas cubertas de cadáveres, casas feridas de bala...". Hussi foi unha vítima máis dese drama, como outros que aínda transcorren no mundo actual privando a moitos nenos dunha vida plena. Unha realidade que cómpre darlle a coñecer á xente nova, para conciencialos de que "a guerra é como andar nunha bicicleta, cando se aprende, nunca máis se esquece".

JORGE ARAÚJO

(Mindelo, illa de San Vicente, Cabo Verde, 1959)

As súas raíces insulares determinaron a súa mirada, atenta ás historias da sociedade e do mundo contemporáneo. Comezou a súa traxectoria como xornalista nunha canle de televisión en Cabo Verde e posteriormente tivo unha breve experiencia na carreira diplomática. En Portugal conseguiu o seu principal obxectivo profesional, como reporteiro. Traballou para Independente, para Já, a TVI e mesmo como correspondente en Londres da BBC. Actualmente exerce como xornalista 'freelance', o que lle permite realizar proxectos na área da ficción e da dramaturxia.

PEDRO SOUSA PEREIRA (Porto, 1967)

O espírito da liberdade e maila creatividade marcou o seu estilo, xa que os seus pais tamén son artistas. A súa afección pola ilustración xurdiu moi cedo, influenciado pola lectura dos heroes da banda deseñada, especialmente Corto Maltés. Posteriormente, e ao fío da súa vinculación co xornalismo -primeiro na Rádio Nova e logo na SIC, onde traballa dende 1997- decantouse pola aventura. Hoxe en día reparte a súa actividade profesional entre o xornalismo e a ilustración.

- **Temática:** a historia dun neno soldado
- **Idade recomendada:** a partir de 14 anos
- **Aspectos destacables:** os fragmentos descriptivos, a sensibilidade coa que transmite as emocións, a presenza dun elemento simbólico; ilustracións de acuarela
- **Aplicacións:** reflexión sobre as consecuencias dos conflitos bélicos na sociedade e na infancia; a tiranía e o poder; a violencia; a vida cotiá nos países máis desfavorecidos